



Manifesto dos **Três Pontos**

Os cidadáns e as cidadás da Galiza saímos à rua para defendermos a Língua Galega dum processo histórico de substituição que colhe folgos da mão das políticas institucionais dos inimigos do galego. Ante os ataques que pretendem consumir o extermínio da Língua unimos forças por volta de três reivindicações:

- **Um país socialmente monolíngüe em Galego** em que cidadáns e cidadás escolham livremente o domínio e uso de outros idiomas. Recusamos o bilingüismo harmónico por ser a farsa que permite com aparências democráticas a substituição do Galego polo espanhol, à vez que oculta um conflito como o lingüístico na retórica das liberdades individuais, quando este só pode ter soluções sociais e colectivas.

- **A reactivação da acção normalizadora de base em todas as frentes sociais.** Se a supervivência da língua é fruto da vontade política do povo que a fala, esta máxima tem ainda mais vigência sob instituições indiferentes ou contrárias à normalização que toleráram a sua minorização social nestes 30 anos de Autonomia.

- **Um novo quadro legal** superador da desigualdade jurídica existente entre Galego e espanhol que garanta a hegemonia social da língua do País num futuro nom lonjano. A defesa dos elementos de discriminação positiva existentes na legislação actual nom é o teto das nossas reivindicações.

Na Galiza, em 18 de Outubro de 2009

Auto-Convocatória Nacional Em Defesa Da Língua

18-O participa no Bloco polo Monolingüismo Social às
12 na Alameda de Compostela



Manifesto dos **Três Pontos**

Os cidadáns e as cidadás de Galiza saímos á rúa para defendermos a Lingua Galega dun proceso histórico de substitución que colle folgos da man das políticas institucionais dos inimigos do galego. Ante os ataques que pretenden consumir o exterminio da Lingua unimos forzas por volta de tres reivindicacións:

- **Un país socialmente monolíngüe en Galego** en que cidadáns e cidadás escollan libremente o dominio e uso de outros idiomas. Recusamos o bilingüismo harmónico por ser a farsa que permite con aparencias democráticas a substitución do Galego polo español, á vez que oculta un conflito como o lingüístico na retórica das liberdades individuais, cando este só pode ter solucións sociais e colectivas.

- **A reactivación da acción normalizadora de base en todas as frentes sociais.** Se a supervivencia da lingua é fruto da vontade política do pobo que a fala, esta máxima ten aínda máis vixencia baixo institucións indiferentes ou contrarias á normalización que toleraron a súa minorización social nestes 30 anos de Autonomía.

- **Un novo marco legal** superador da desigualdade xurídica existente entre Galego e español que garanta a hexemonía social da lingua do País nun futuro non lonxano. A defensa dos elementos de discriminación positiva existentes na lexislación actual non é o teito das nosas reivindicacións.

Na Galiza, em 18 de Outubro de 2009

Autoconvocatoria Nacional En Defensa Da Lingua
18-O participa no Bloque polo Monolingüismo Social ás
12 na Alameda de Compostela